



Concello da Coruña

Area / Unidade RR.HH PE0000 MALB	Documento 1081AI09T9	
Código de verificación 	Expediente 108/2025/1602	
3R23 4Y38 5X0Z 1Z72 0M3K	Data 11-08-2026	

ANUNCIO

Asunto: Aprobar a listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de oficial de protección civil, (subgrupo C2).

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 17 de agosto de 2026, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Aprobar a listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de oficial de protección civil, da escala de administración especial (subgrupo C2), nos distintos supostos regulados no artigo 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, derivada do proceso selectivo convocado por Resolución, do 27/10/2025, do concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, (BOP núm. 214 do 07/11/2025), tendo en conta o acordado polo tribunal cualificador publicado o día 23/07/2026, nos seguintes termos:

Nº	APELIDOS E NOME	NIF	NOTA
1	FUENTE (DE LA) LORENZO, FEDERICO IVÁN	***7747**	82,14
2	BELLO BUGALLO, IRIA	***0409**	60,71
3	ESTEBAN FERREIRO, DAVID	***5397**	58,48
4	BOUZO DOMÍNGUEZ, FERNANDO	***9547**	51,34

Terceiro.- A devandita listaxe terá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña.

Cuarto.- Esta listaxe será xestionada de conformidade coa Instrución que regule o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento do persoal funcionario interino do Concello da Coruña vixente.

Quinto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de



Concello da Coruña

reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O director da Área de Administración Xeral

Manuel Ángel Jove Losada